

Volume a volume estase a facer realidade o proxecto dunha historia de Galicia, dunha historia nacional, de xeito cientificamente sólido e accesíbel e amena na lectura, como era a nosa intención.

Neste número catro da colección, da man de Felipe Arias accedemos á romanización de Galicia. Felipe Arias é licenciado en Filosofía e Letras pola Universidade de Santiago, foi profesor de Historia e Arqueoloxía desta universidade.

Técnico facultativo de Museos, foi conservador-director do museo de Lugo nunha etapa decisiva para o museo, sendo importantísima e fundamental a súa aportación. Dende 1985 dirixe o museo do Castro de Viladonga. Xefe da sección de arqueoloxía do instituto Padre Sarmiento, na actualidade é patrón fundador do Museo do Povo Galego.

Da súa man accederemos hoxe á romanización de Galiza, que coma pedra fundamental ou alicerce que soporta o edificio da nosa casa colectiva, fará que entendamos a nosa historia presente e isto que nos axude a elixir o noso camiño como povo.

O libro que hoxe lles presentamos contén a amenidade na lectura mas isto só é posíbel coa madurez e rigor científico do autor, froito dunha longa experiencia nos eidos da investigación e dos traballos de campo sobre da realidade cultural de Galicia.

Pola miña parte deles só dizer que viñeron a nos e por eles fomos nomeados, deles recibimos o nome cando aínda eramos un povo na infancia da historia.

Atravesaron o río do olvido e conmocionados recibímolos e fomos enriquecido sen tantas cousas mais tamén aprendimos a curar as [...] feridas, fomos sulcados de camiños e pontes na propia terra cando aínda soñabamos conquistar o infinito en barca de bimbio.